

A NOITE

Michelangelo Antonioni, 1961

1820

ESTREA EN NUMAX: 22.08.2026 | V.O.S.E. | 122 min

En Milán, tras visitar un amigo enfermo terminal nun hospital, o escritor Giovanni Pontano acode a unha festa pola publicación do seu último libro. Mentres, a súa muller Lidia visita o lugar onde viviu moito anos atrás. Logo, durante a noite, ambos acoden a unha festa na mansión do Sr. Gherardini, onde ambos comezan a flirtear; Giovanni coa filla do anfitrión e Lidia cun playboy.



Unha turbulenta disección da lonxevidade romántica

Por Jordan Cronk

A pesar de todas as discusións que se teñen verquido sobre a tendencia ao abstracto do cinema de Michelangelo Antonioni el é, en moitos sentidos, un dos cineastas máis literais. O seu traballo máis celebrado, a coñecida como "triloxía da alienación", composta por *A aventura*, *A noite* e *O eclipse*, respondía en cada unha destas obras de maneira precisa ao significado dos seus termos. Mesmo as súas imaxes, tan analizadas, elevadas e admiradas, son sorprendentemente absolutas: os obxectos e a arquitectura como contedores de emoción, psicoloxía e antropoloxía. Antonioni adoitaba rexeitar calquera lectura pechada dos seus filmes, animando a unha aproximación instintiva similar á que el dicía empregar nas súas rodaxes. E en efecto, en Antonioni, se cadra máis ca en ningún outro cineasta moderno, somos testemuñas da materialización da verdade pura, da existencia descontextualizada e plasmada nunha linguaxe visual concisa. Non hai nada oculto nas imaxes da obra do autor, porén, o propio encadre está cargado de significado.

Estas coordenadas, entre o material e o psicolóxico, entre o cotián e o emocional, son expostas se cadra da maneira máis eficiente n'*A noite*, segunda peza da triloxía. Sen unha innovación narrativa similar a *A aventura*, sen unha radicalidade formal similar a *O eclipse*, foi sempre considerada como a filla do medio destas obras supostamente máis singulares e rupturistas. Porén neste filme encontramos a deconstrución máis aguda e devastadora que Antonioni ofrece das relacións interpersoais da burguesía, manténdose como a película máis vigorosamente concreta e amorosamente difusa da época estruturalista do autor. A actitude a un tempo compresiva e inclemente que Antonioni fai das tensións dos personaxes evitan que o filme se converta nun simple exercicio de cinismo para avanzar cara a unha turbulenta disección da lonxevidade romántica.

A noite pode ser tamén unha actualización d'*A viaxe por Italia* (1954) de Roberto Rossellini na posta en escena do gradual deterioro dunha relación nun contexto abrumador. Antonioni toma como modelo o conto de fadas modernista de Rossellini, pero en lugar de intervir cando a discordia ameaza a parella protagonista, o autor déixaos suspendidos nun estadio de xestos baleiros, nun enfoque distante cara á reconciliación narrativa que evidencia un pesimismo cara ao romance contemporáneo. Ao igual que os personaxes de Rossellini, a parella protagonista de Antonioni, interpretada polos lendarios Marcello Mastroianni e Jeanne Moreau, libra unha batalla aparentemente perdida de antemán.

Estas tribulacións transcorren nunha soa noite pero atinxen á totalidade do matrimonio. Podemos percibir o amor que existiu entre os personaxes pero do mesmo xeito que a súa contorna cristalizou en frías versións urbanísticas, os seus sentimentos pasaron da paixón a estoicos e teimudos xestos que substitúen a súa axencia xenuína. Pódese sentir o inevitable desde os primeiros momentos, desde un raíños que se ergue sobre a paisaxe urbana de Milán onde se reflexa, literal e figuradamente, a indiferenza cara ao romance moderno. Porén, *A noite* reflexa estas ansiedades da modernidade dunha maneira inusualmente lúcida. A preocupación de Antonioni non é outra que a condición humana mesma, despoxada de melodrama e ofrecida ao espectador para que a afronte ou rexeite de plano, no xeito máis puro que este medio tiña concibido até ese momento.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Michelangelo Antonioni,
Domènec Font.
Cátedra, 2003